



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE ABRIL DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "REPOSICIÓN DE ALCANTARILLADO EN DIVERSAS ZONAS DEL AYUNTAMIENTO (OBRA DO FEIL)".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 16 DE ABRIL DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "*Reposición de alcantarillado en diversas zonas del Ayuntamiento (obra do FEIL)*".

-Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación CONSTRUCCIONES SANGIAO S.A.

-Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

-Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

-Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

-Vista a fiscalización previa da Intervención municipal asinada o día 7 de abril de 2009.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "*Reposición de alcantarillado en diversas zonas del Ayuntamiento (obra do FEIL)*", por importe de 231.942,00 euros, a CONSTRUCCIONES SANGIAO S.A., con arranxo ó Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

---Copia dos contratos de traballo dos 3 traballadores desempregados que o licitador se comprometeu a contratar na súa oferta. Deberá tratarse de traballadores desempregados a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ao prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non poderá tratarse, polo tanto, de contratacións a tempo parcial, nin de contratacións baixo a modalidade de duración determinada, por unha duración de tempo inferior ao prazo de execución da obra.

---Tarxetas de desemprego deses 3 traballadores desempregados contratados (inmediatamente anteriores a dita contratación).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.-Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 16 de abril de 2009.
A ALCALDESA EN FUNCIONES,

Asdo. Raquel López Doce